

Cuestionario Proust: Samuel L. París

15 Xaneiro 2015 18 Xaneiro 2015 / Divulgación, Literatura galega



(<https://cadernodacritica.wordpress.com/wp-content/uploads/2015/01/slp1.jpg>).

Samuel L. París (<https://pararaparis.wordpress.com/>).

1.– Principal trazo do seu carácter?

-O entusiasmo?

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-O sentido do humor.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Que non descubran a persoa que realmente son.

4.– A súa principal eiva?

-Difícil escoller, pero gustaríame ser menos agonías.

5.– A súa ocupación favorita?

-Divertirme co que sexa.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Unha pachanga na praia de San Francisco de Louro no verán e despois darme un baño e beber unha birra ben fría.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-Deixarme ir.

8.– Que lle gustaría ser?

-Diría algo como “unha persoa nova cada día” (e, en parte, é verdade), mais realmente gustaríame ser

insultantemente rico.

9.– En que país desexaría vivir?

-Son quen de ser feliz e infeliz en calquera sitio e papahostias hainos en todas partes, así que tanto me ten.

10.– A súa cor favorita?

-Todas.

11. – A flor que máis lle gusta?

-A da Kritikal Bilbo.

12.– O paxaro que prefire?

-Calquera cociñado con bo gusto.

13.– A súa devoción na prosa?

-Non son devoto de ninguén, a verdade.

14.– E na poesía?

-Tampouco. Non hai poesía á que lle teña fe cega.

15.- Un libro?

-Un pobo só prosperará cando na educación primaria se obrigue a ler “Pulir” de Nacho García.

16.– Un heroe de ficción?

-Dhalsim, do Street Fighter II da SNES. Ía lento e cuspiía lume.

17.– Unha heroína?

-Mandy Cohen, do filme “Life of Brian”.

18.– A súa música favorita?

-Calquera que me faga suar.

19.– Na pintura?

-Miguel Noguera.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Xulia Mintoni.

21.– O seu nome favorito?

-Micaela.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-Odio a goma de mascar e a calquera persoa que a teña na boca a menos de cinco metros de min.

23.– O que máis odia?

-Aburrirme.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Ningunha especialmente.

25.– Un feito militar que admire?

-O 11-S.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Axilidade, porque son unha toupa.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Ao final dun redobre de tambor levándome por diante a toda a humanidade.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-Optimista.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Todos os que nacen do medo.

30.– Un lema na súa vida?

-Meu pai: Lema.

#Cuestionario Proust, #Samuel L. París